

COMO FACER UNHA PROCURA BIBLIOGRÁFICA?

Antes de realizar unha procura, o primeiro que debes facer é **determinar a túa necesidade de información:**

- que queres buscar?
- con que finalidade (traballo, proxecto, tese de doutoramento)?
- que tipo de documentos che interesan? (informes, teses, artigos de revistas), en que linguas, de que anos, etc.

O primerio que debes facer é documentarte ben sobre o tema elexido, recurrido para elo a obras de carácter xeral como son as enciclopedias, dicionarios e manuais.

Posteriormente debes **seleccionar a/as base/s de datos** que mellor se axuste, segundo as necesidades definidas (cobertura temática, xeográfica, cronolóxica, etc.). A biblioteca proporciónache unha listaxe coas bases de datos dispoñibles na UDC.

- Unha vez escollida a base de datos, **elabora unha estratexia de busca** comezando por definir o tema nunha frase, ex.:
“*prevención do fracaso escolar nos adolescentes*”
- **Identifica nela as palabras que representan os principais conceptos**, ex.:
“*fracaso escolar*” “*adolescentes*” “*prevención*”
- **Busca sinónimos ou termos relacionados** (podes empregar dicionarios, índices, tesauros, etc.), ex.:
“*abandono*”, “*académico*” “*escola*” “*adolescencia*”

Ten en conta que tes que **traducir os termos** á lingua de consulta da base de datos (na maioría dos casos o inglés).

Podes establecer relacións lóxicas entre os termos usando **operadores booleanos** e de proximidade:

AND busca rexistros onde aparezan as dúas palabras.

Ifracaso escolar AND adolescencia

OR busca rexistros onde aparezan algunha das palabras, e úsase para incluír na busca sinónimos e conceptos relacionados.

escolar OR académico

NOT busca rexistros onde apareza a primeira palabra e non a segunda.

adolescencia NOT infancia

NEAR/ADJ/WITH... indica a proximidade entre os termos de busca.

fracaso NEAR *escolar*

O **truncado** serve para buscar unha palabra e as súas variantes; polo xeral o asterisco (*) substitúe a un ou máis caracteres, e a interrogación a un único carácter (?).

*adolescen** (recuperaría: *adolescente, adolescentes, adolescencia*)

Wom?n (recuperaría: *women e woman*)

Tamén podes establecer límites seleccionando o **campo de busca** (autor, título, materia, etc.), a **lingua, datas de publicación, tipo de documento**, etc.

Unha vez realizada a procura terás que **avaliar os resultados**:

Se obtés moitos resultados:

- Engade máis conceptos usando AND para concretar máis a procura
- Elimina truncados
- Usa descritores
- Busca en campos específicos

Se obtés poucos resultados:

- Elimina conceptos e mantén os máis importantes
- Engade sinónimos utilizando o operador OR
- Usa truncados
- Busca en todos os campos

Uns consellos...

Durante a busca:

- Se a base de datos o permite, regístrate, deste xeito poderás adaptar a interface ás túas necesidades, gardar resultados na túa conta para consultar dende calquera lugar que teñan acceso, marcar preferencias, configurar alertas...
- Consulta a "**Axuda**" que incorporan as bases de datos
- Comeza escribindo un termo de busca e proba a ver que resultados obtés
- Ten en conta as variantes ortográficas
- Non empregues termos redundantes
- Se a base de datos ten algún tesouro, utilízao, é moi útil.

A partir dos resultados:

- Examina a bibliografía que se cita nun artigo para atopar artigos relacionados
- Busca por outras materias a partir dos descritores asignados aos documentos que che interesan

Unha vez que teñas os resultados que che interesan poderás gardalos: **imprimir, gravar, enviar por correo electrónico, crear alertas ou exportalos ao xestor bibliográfico Refworks.**

O texto completo dos documentos non sempre está dispoñible na base de datos, polo que se só proporciona a cita bibliográfica, terás que buscar o documento no catálogo da biblioteca. Moitas veces as bases de datos teñen activado o enlace ao SFX (xestor de enlaces electrónicos da biblioteca da UDC) o que nos permite comprobar directamente se existe o documento en formato electrónico e se o temos no catálogo.

Lembra que no caso de que a Biblioteca non teña ese documento, a **Sección de Préstamo Interbibliotecario** pode conseguilo solicitándoo a outras Bibliotecas.

Bibliografía

Argudo, S., & Pons, A. (2012). *Mejorar las búsquedas de información.*

Barcelona: Editorial UOC.

Arranz, M., & Instituto Valenciano de Estudios en Salud Pública. (1999).

La búsqueda bibliográfica :Una técnica y algo más. Valencia: Institut

Valencià d'Estudis en Salut Pública.

Cid Leal, P., Perpinyà Morera, R., & Universidad Autónoma de Barcelona.

(2013). *Cómo y dónde buscar fuentes de información*. Bellaterra:

Universitat Autònoma de Barcelona, Servei de Publicacions.

Cordón García, J. A., López Lucas, J., & Vaquero Pulido, J. R. (1999).

Manual de búsqueda documental y práctica bibliográfica. Madrid:

Pirámide.

Pacios Lozano, A. R. (2013). *Técnicas de búsqueda y uso de la*

información. Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces.